

XIX CONCURSO ESCOLAR DE teatro lido

"xosé manuel eirís"



Organiza:



bases

Coa finalidade de promocionar o teatro entre os rapaces e de favorecer a súa iniciación á interpretación dramática, a Asociación Cultural Telón e Aparte e o Concello de Carballo, organizadores do Festival Internacional Outono de Teatro de Carballo, coa colaboración do Grupo Voz, convocan o **XIX Concurso Escolar de Teatro Lido "Xosé Manuel Eirís", de acordo coas seguintes bases:**

1.- OBXECTO

É obxecto do presente Concurso contribuir á iniciación na interpretación teatral a través da lectura dramatizada e á recuperación do formato radiofónico proporcionándolles aos grupos de rapaces e/ou rapazas dos colexios e asociacións de Bergantiños a experiencia en estudos profesionais de radio.

2.- PARTICIPANTES

Poderán participar neste Concurso os grupos de entre 2 e 8 rapaces e rapazas dos colexios, institutos, grupos de teatro e asociacións de Bergantiños que realicen a súa inscrición de acordo coas seguintes bases. Os grupos poden estar dirixidos por un profesor ou monitor.

Por motivos das necesidades técnicas de gravación, a organización só pode garantir a participación dos 30 primeiros grupos que se inscriban.

3.- TEXTO

Cada grupo seleccionará previamente o fragmento do texto teatral que desexe interpretar. **A representación deberá ter unha duración de entre 4 e 6 minutos**, e poderán ser descalificados os grupos que se excedan deste tempo. Os participantes poderán achegar os recursos radiofónicos que se consideren necesarios para que o texto sexa realizado de maneira axeitada (efectos sonoros, música...)

Os argumentos das obras serán de temática libre, tendo en conta sempre que **as obras serán emitidas en diferentes franxas horarias, incluído en horario infantil.**

4.- DESENVOLVEMENTO

- Unha vez tramitada a inscrición, os responsables dos grupos serán avisados por Radio Voz da data en que deberán acudir ás súas instalacións, sitas na rúa Gran Vía número 84 - 1º de Carballo, para realizar a lectura dramática do texto escollido.

As gravacións das lecturas comezarán a realizarse en función da dispoñibilidade das instalacións de Radio Voz, quen previamente determinará e asignará un horario a cada grupo participante.

- Tras escoitar as gravacións o xurado seleccionará os grupos finalistas

- A Final, prevista para o 10 de novembro, realizarase no Pazo da Cultura de

Carballo no transcurso dun acto no que, os grupos seleccionados volverán a representar o fragmento da súa obra ante o público e o xurado, que fará a resolución final do Concurso, a partir da interpretación en directo, e fará entrega dos premios aos grupos gañadores.

5.- CATEGORÍAS E PREMIOS

Haberá dúas categorías diferenciadas, por unha banda grupos na que todos ou a maioría dos seus integrantes cursen educación infantil ou educación primaria e por outra banda grupos nos que todos ou a maioría dos seus integrantes cursen educación secundaria obrigatoria, bacharelato ou ciclos formativos de grao medio. Para cada categoría haberá dous premios que consistirán en libros e material didáctico, por un importe das seguintes cantidades:

Premios patrocinados por Librería Brañas

1ª Categoría: (grupos de nenos e nenas de EI e de EP)

premio: 200 € | premio: 100 €

2ª Categoría: (grupos de nenos e nenas de ESO, bacharelato ou CF de grao medio) **premio: 200 € | premio: 100 €**

Ademais o xurado poderá conceder **accésits por un valor de 250 €**

6.- PRAZO E LUGAR DE INSCRICIÓN

O prazo de inscrición remata o 3 de outubro. A inscrición deberá realizarse no enderezo electrónico fiot.teatro.lido@gmail.com (confirmar recepción no teléfono 981 704 300)

7.- XURADO

O xurado estará composto por membros da AC Telón e Aparte e do Grupo Voz, ou persoas vinculadas ao teatro e ao ensino designadas por estas entidades. A decisión do xurado será irrecorrible.

8.- Os participantes autorizan a emisión pola radio das obras presentadas.

9.- A participación neste certame supón a plena aceptación das presentes bases.

10.- Calquera incidencia non prevista nesta convocatoria será resolta polo xurado

Carballo, 5 setembro de 2019

Patrocina:



Colabora:

FICHA DE INSCRICIÓN NO XIX CONCURSO ESCOLAR DE TEATRO LIDO "XOSÉ MANUEL EIRÍS"

DATOS DO GRUPO

NOME DO GRUPO

Nº DE MEMBROS (excluíndo o/a director/a) CURSO ACADÉMICO E IDADES

CENTRO EDUCATIVO OU ASOCIATIVO AO QUE PERTENCEN

TELÉFONO DO CENTRO ENDEREZO ELECTRÓNICO

DIRECTOR/A DO GRUPO OU PERSOA DE CONTACTO

TELÉFONO ENDEREZO ELECTRÓNICO

NOMES DOS INTEGRANTES DO GRUPO / IDADE

1. CURSO/IDADE

2. CURSO/IDADE

3. CURSO/IDADE

4. CURSO/IDADE

5. CURSO/IDADE

6. CURSO/IDADE

7. CURSO/IDADE

8. CURSO/IDADE

DATOS DO FRAGMENTO DA OBRA COA QUE SE CONCURSA

TÍTULO

EXTENSIÓN DA REPRESENTACIÓN (TEMPO APROXIMADO)

AUTOR DO TEXTO

OBSERVACIÓNS

Enviar ao enderezo electrónico: fiot.teatro.lido@gmail.com
(confirmar recepción no teléfono 981 704 300) **antes do 3 de outubro**

INFORMACIÓN: 981 704 300